

**Praza número:** 18/7010

**Número de prazas:** 1

**Categoría:** Contratado/a Interino/a de Substitución

**Dedicación:** Tempo completo

**Área de coñecemento:** Historia e Institucións Económicas

**Departamento:** Economía

**Docencia:** 650G01005 Historia da empresa

650G01038 Mercado de traballo na perspectiva histórica

611G02002 Historia económica

**Centro:** Facultade de Economía e Empresa

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do 26 de outubro de 2018.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D<sup>a</sup>. DANIEL CASTILLO HIDALGO**.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 26/10/2018

O reitor,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	4sSOHjBRmbdsvI27ZxrVDQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	29/10/2018 14:54:13
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/4sSOHjBRmbdsvI27ZxrVDQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/4sSOHjBRmbdsvI27ZxrVDQ==</a>		





Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

### CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 26 de outubro de 2018, tomou os seguintes acordos en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación:

Praza 18/7010:

Categoría: Contratado Interino de Substitución. Tempo completo

Área de coñecemento: Historia e Institucións Económicas

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

Docencia: 650G01005 Historia da empresa; 650G01038 Mercado de traballo na perspectiva histórica; 611G02002 Historia económica

### ACORDOS:

Os membros da Comisión de Reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por don Tomás Fernández de Sevilla Mansane, a documentación dos candidatos e o informe realizado pola comisión encargada da selección da praza do 22/10/2018, ratifican todos os puntos do antedito informe e estiman axeitada a proposta realizada pola Comisión de Selección.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección do 22/10/2018 a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

A Coruña, 26 de outubro de 2018

Código Seguro De Verificación	owRCDRuuxuLL58W4Tfp/fg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	26/10/2018 12:51:51
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/owRCDRuuxuLL58W4Tfp/fg==">https://sede.udc.gal/services/validation/owRCDRuuxuLL58W4Tfp/fg==</a>		



**Praza número:**18/7010 **Número de prazas:** 1

**Categoría:**Contratado/a Interino/a de Substitución  
**Área de coñecemento:**Historia e Institucións Económicas  
**Departamento:**Economía

**Dedicación:** Tempo completo

**Docencia:**650G01005 Historia da empresa  
650G01038 Mercado de traballo na perspectiva histórica  
611G02002 Historia económica  
**Centro:**Facultade de Economía e Empresa

### INFORME DA COMISIÓN

(A cumprimentar no caso de reclamacións ou de proposta de non provisión da praza)

Reunida a comisión avaliadora da praza 18/7010, en A Coruña, o día 22 de outubro de 2018 ás 11.00 h., ACORDA o seguinte:

#### 1. En relación ao solicitado no apartado 1:

Segundo a Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo consello de goberno da Universidade da Coruña do 30 de abril de 2014 (en diante "Normativa"), apartado II.2, "a Comisión vulgará se o contido ou tema da tese pode incluírse entre aqueles propios da Área". Consecuentemente, dada a temática e o contido da tese de doutoramento do candidato, D. Daniel Castillo Hidalgo, titulada "Tendiendo puentes: Dakar y la configuración de la red portuaria de África occidental. Evolución y análisis de una comunidad portuaria (1857-1957)", esta achega axústase á temática propia da Área de Historia e Institucións Económicas, independentemente do departamento onde se defendeu a dita tese e o programa de doutoramento no cal estivo incurso, feito que non contempla a normativa de contratación de profesorado citada *supra*.

#### 2. En relación ao solicitado no apartado 2:

Os méritos alegados polo reclamante, detallados no seu curriculum vitae (en diante cv), no apartado correspondente a bolsas predoutorais, foron baremados inicial e adecuadamente por esta comisión segundo o apartado II.5 da Normativa, coa puntuación máxima asignada a cada apartado.

En relación ás alegacións que presenta o reclamante sobre a minoración da puntuación a aplicar ao candidato D. Daniel Castillo Hidalgo, esta comisión considera que este último desenvolveu a súa actividade na Área de Historia e Instituciones Económicas, integrada no Departamento de Ciencias Históricas da Universidad de Las Palmas de Gran Canaria, durante o período acreditado no seu cv, polo que, segundo a Normativa, correspóndelle a máxima puntuación neste apartado II.5.

#### 3. En relación ao solicitado no apartado 3:

No apartado IV.2, "Artigos de investigación en revistas periódicas", aplícase a valoración recollida pola normativa, segundo os indicadores de calidade científica contemplados de maneira explícita nela, dentro das marxes mínimas e máximas establecidas.

O resto de elementos alegados polo reclamante non están recollidos explicitamente na Normativa e, en consecuencia, esta comisión non os tomou en consideración na baremación.

Código Seguro De Verificación	owRCDRuuxuLL58W4Tfp/fg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	26/10/2018 12:51:51
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/owRCDRuuxuLL58W4Tfp/fg==">https://sede.udc.gal/services/validation/owRCDRuuxuLL58W4Tfp/fg==</a>		



**Praza número:**18/7010 **Número de prazas:** 1

**Categoría:**Contratado/a Interino/a de Substitución  
**Área de coñecemento:**Historia e Institucións Económicas  
**Departamento:**Economía  
**Docencia:**650G01005 Historia da empresa  
650G01038 Mercado de traballo na perspectiva histórica  
611G02002 Historia económica  
**Centro:**Facultade de Economía e Empresa

**Dedicación:** Tempo completo

4. En relación ao solicitado no apartado 4:


O reclamante presentou no seu cv unha bolsa postdoutoral no epígrafe V.1 "Contratos posdoutorais de segunda etapa" Subepígrafe "Outros contratos de investigación". A comisión aplicou a baremación establecida pola Normativa, nos devanditos epígrafe e subepígrafe.

5. En relación ao solicitado no apartado 5:

Consonte os argumentos expostos, esta comisión informa de que mantén a acta de puntuación e a proposta de resolución inicial da praza 18/7010.

A Coruña, a 22 de outubro de 2018

Vº. e Pr.  
O presidente,



O secretario,



Código Seguro De Verificación	owRCDRuuxuLL58W4Tfp/fg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	26/10/2018 12:51:51
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/owRCDRuuxuLL58W4Tfp/fg==">https://sede.udc.gal/services/validation/owRCDRuuxuLL58W4Tfp/fg==</a>		

